



Consonte ao disposto no apartado 3.21.2 da Resolución do do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, a Secretaría Xeral para o Deporte ditou a Resolución do 15 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se aproba o protocolo Fisicovid-DxTgalego polo que se establecen as medidas para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 no ámbito do deporte federado de Galicia.

No apartado segundo dispónse que cada federación deportiva galega elaborará o seu propio protocolo consonte o contido desta norma básica, atendendo ás súas modalidades e especialidades deportivas, e no apartado cuarto que as federacións deportivas galegas comunicarán á Secretaría Xeral para o Deporte os seus respectivos protocolos así como a persoa que asuma os labores da súa coordinación e seguimento.

Na data do 17 de setembro a Federación Galega de DEPORTES DE INVERNO comunica á Secretaría Xeral para o Deporte o protocolo para a práctica das especialidades de ESQUÍ, SNOWBOARD e MUSHING.

Manuel Otero Méndez, como xefe do servizo de deportes da Delegación Territorial de Lugo e coordinador do grupo de deportes nº2, CERTIFICA

Que o protocolo da Federación Galega de DEPORTES DE INVERNO para a práctica de ESQUÍ, SNOWBOARD e MUSHING se adecua ao disposto no protocolo Fisicovid-DXTgalego polo que se establecen as medidas para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 no ámbito do deporte federado de Galicia.

Lugo, 18 de setembro 2020

O xefe de servizo de deportes de Lugo



Manuel Otero Méndez



**PROTOCOLO FISICOVID-FEDERACIÓN
GALEGA DE DEPORTES DE INVERNO POLO
QUE SE ESTABLECEN AS MEDIDAS PARA
FACER FRONTE Á CRISE SANITARIA
OCASIONADA POLA COVID-19 NO ÁMBITO
DOS DEPORTES DE INVERNO FEDERADOS
EN GALICIA.**

FEDERACIÓN GALEGA DE DEPORTES DE INVERNO

Carlos Maside s/n – Local 11 / Campo Fútbol “O Couto” / 32002 OURENSE

Tel.: 988228591 / Móvil: 667328028

www.fgdi.es / secretaria@fgdi.es

<https://www.facebook.com/fgdinverno>

<https://twitter.com/FGDInverno>



ÍNDICE

1. Introducción
2. Definición da Covid'19
3. Obxecto e Metodoloxía
4. Medidas xerais para reducir o contaxio da Covid'19
5. Medidas de desinfección e limpeza de superficies e material
6. Medidas para os axentes que directa ou indirectamente participen na práctica deportiva
7. Outras medidas
8. Procedemento para a identificación de potenciais situacións de contaxio e medidas particulares de prevención
9. Normas protocolarias xenéricas
10. Coordinador do protocolo federativo
11. Comunicación e seguimento da sintomatoloxía Covid'19
12. Documentos e declaracións



INTRODUCCIÓN

As medidas aquí descritas son o resultado das aportacións do conxunto dos deportes de inverno de Galicia, tendo en conta as recomendacións dos organismos nacionais e internacionais.

Trátase dun **PROTOCOLO DE NORMAS BÁSICAS** para a apertura das instalacións deportivas o aire libre e o desenvolvemento de adestramentos e competicións, pero as recomendacións xerais das Autoridades Sanitarias son prioritarias.

Esta guía ten por obxecto deseñar as principais medidas aplicables e recomendacións para os deportistas, técnicos, xuíces e federativos, garantindo a distancia social e minimizar os riscos de contaxio (CoVid19)

Os deportes de inverno (esquí, snowboard, mushing) ten unhas peculiaridades concretas que fan a súa práctica accesible e segura tras o CoVid19.


Entre elas destacan:



É un deporte de montaña individual, que se practica o aire libre en montaña e estacións de esquí



Non é un deporte de contacto



É fácil manter a distancia social



No caso do mushing, os cans non son transmisores da enfermidade

Por outra banda, tanto as estacións de esquí como os circuítos de mushing poden ser de titularidade pública o privada, e temos a obriga de acatar as normas contra o Covid19 que o propietario da instalación/circuíto nos indique.

DEFINICIÓN DA COVID'19

COVID'19

¿Cales son os seus síntomas?

FEDERACIÓN GALEGA DE DEPORTES DE INVERNO

Carlos Maside s/n – Local 11 / Campo Fútbol “O Couto” / 32002 OURENSE

Tel.: 988228591 / Móvil: 667328028

www.fgdi.es / secretaria@fgdi.es


<https://www.facebook.com/fgdinvierno>

<https://twitter.com/FGDInvierno>



Os síntomas mais comúns son febre, tose, sensación de falta de aire, aínda que tamén dores musculares, dor de cabeza e outros.

Algúns síntomas máis graves poden ser pneumonía, insuficiencia de múltiples órganos, dificultade respiratoria severa e incluso a morte.



¿Cómo se transmite?

Os coronavirus son de transmisión aérea. Transmítense de xeito limitado entre humanos, en xeral por vía respiratoria a través das gotas que producen os portadores cando tosen, esbirran ou falan. Estas secrecións conteñen partículas virais que poden alcanzar a outras persoas cercanas ou depositarse en obxectos e superficies que poden ser unha vía de entrada no organismo.

¿Cal é o período de incubación?

Cós datos actuais podería ser entre 2 e 14 días.

Para previr o contaxio

- Taparse o tusir e esbirrar cun pano de man de papel e logo tiralo na papeleira
- Lavarse as mans con auga e xabón
- Non compartir utensilios persoais (toallas, pratos, cubertos...)
- Porse mascarilla ó saír a espazos comúns
- Limpar as superficies que se tocan a miúdo con bayetas desechables e lixivia
- Fregar con auga quente
- Lavar a roupa entre 60° e 90°

FEDERACIÓN GALEGA DE DEPORTES DE INVIERNO

Carlos Maside s/n – Local 11 / Campo Fútbol “O Couto” / 32002 OURENSE

Tel.: 988228591 / Móvil: 667328028

www.fgdi.es / secretaria@fgdi.es

<https://www.facebook.com/fgdinvierno>

<https://twitter.com/FGDInvierno>



Lavarse las mans para previr contaxios

É importante insistir na necesidade de realizar un bo lavado de mans e regulamente.

OBXECTO E METODOLOXÍA

O obxecto deste protocolo é establecer a metodoloxía a seguir nas competicións e adestramentos organizados pola **Federación Galega de Deportes de Inverno** no desenvolvemento das medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola *COVID'19* no ámbito dos deportes de inverno federados. O protocolo é de obrigada observancia para o conxunto dos estamentos federativos e estará exposto na web da Federación Galega de Deportes de Inverno. Este protocolo foi elaborado consonte a metodoloxía *FISICOVID-DXTGALEGO*.

A Metodoloxía *FISICOVID-DXTGALEGO* pretende establecer un sistema de traballo que lle facilite ao tecido deportivo galego, particularmente o federativo, a elaboración dos protocolos *FISICOVID-DXTGALEGO*, que deben considerar os elementos constituíntes do deporte en xeral, tales como as actividades, deportistas, entidades, e recursos (humanos, materiais), para construír as maiores opcións de seguridade hixiénico-sanitaria de xeito sostíbel de entidades e practicantes ante a *COVID'19*. Foron as propias federacións e os seus integrantes naturais os que, despois de avaliar e diagnosticar a información veraz da súa realidade, promoveron e realizaron o seguimento das medidas e adaptacións que se acordaron para o desenvolvemento das actividades deportivas coa maior protección posible perante o risco de contaxio. Definíronse varias etapas temporais, a primeira para a preparación e elaboración da ferramenta *FISICOVID-DXTGALEGO* para enfoque, visión e emisión da mesma, despois recollida de información para diagnose de obxectivos e detección da necesidade do desenvolvemento propio de ferramentas. Na segunda etapa formalizouse un grupo de traballo con técnicos da Secretaría Xeral para o Deporte e expertos do ámbito universitario. Na terceira etapa desenvolveuse a principal ferramenta de recollida de información, análise e achega de medidas.

Establecéronse 10 grupos de traballo entre as 58 federacións deportivas galegas, segundo similitudes da práctica deportiva, co obxectivo de favorecer a súa integración á hora de identificar potenciais situacións de risco de contaxio e determinar as medidas máis eficientes de acordo aos contextos concretos nos que se desenvolve a práctica en cada caso, compartindo a información entre elas.

FEDERACIÓN GALEGA DE DEPORTES DE INVERNO

Carlos Maside s/n – Local 11 / Campo Fútbol “O Couto” / 32002 OURENSE

Tel.: 988228591 / Móvil: 667328028

www.fgdi.es / secretaria@fgdi.es

<https://www.facebook.com/fgdinverno>

<https://twitter.com/FGDInverno>



Tras varias reunións de traballo tanto internas de cada federación como dos 10 grupos de traballo, identificáronse e debatéronse todas aquelas situacións e medidas suxeridas, adaptándoas a cada situación. En todo caso, ese tamén foi un proceso de análise flexible, formativo e continuo, que requiriu e require dunha revisión permanente das situacións de contaxio e das medidas, atendendo á normativa que se vaia establecendo por parte das autoridades sanitarias, así como das situacións que vaian xurdindo en cada contexto deportivo.

MEDIDAS XERAIS PARA REDUCIR O CONTAXIO

Tódolos axentes que participan directa ou indirectamente na realidade deportiva deberán adoptar as medidas necesarias para evitar a xeración de riscos de propagación da enfermidade da *COVID'19*, así como a propia exposición a ditos riscos. Este deber de cautela e protección será igualmente exixible aos titulares de calquera actividade deportiva. Tralo proceso de recollida de información e análise das potenciais situacións de contaxio e en atención ao sinalado polas autoridades sanitarias, establecéronse unha serie de recomendacións xerais, que foron posteriormente concretadas, polas medidas específicas determinadas por cada federación deportiva galega nos seus respectivos protocolos federativos.

MEDIDAS DE DESINFECCIÓN E LIMPEZA DE SUPERFICIES E MATERIAIS

Con carácter xeral, sen prexuízo das medidas específicas establecidas pola federación deportiva ou no protocolo respecto á limpeza e desinfección de espazos, materiais e superficies deberanse ter en conta as seguintes:

- Utilizaranse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recentemente preparada en auga a temperatura ambiente ou calquera dos desinfectantes con actividade contra o virus que se atopan no mercado e debidamente autorizados e rexistrados. No uso dese produto respectaranse as indicacións da etiqueta. Así mesmo, non se deben mesturar produtos diferentes.
- Despois de cada limpeza, os materiais empregados e os equipamentos de protección utilizados desbotaranse de xeito seguro, e procederase posteriormente ao lavado de mans.

FEDERACIÓN GALEGA DE DEPORTES DE INVIERNO

Carlos Maside s/n – Local 11 / Campo Fútbol “O Couto” / 32002 OURENSE

Tel.: 988228591 / Móvil: 667328028

www.fgdi.es / secretaria@fgdi.es

<https://www.facebook.com/fgdinvierno>

<https://twitter.com/FGDInvierno>



- Cando existan postos de traballo compartidos por máis dunha persoa da organización, estableceranse os mecanismos e procesos oportunos para garantir a correcta hixiene destes postos.
- Procurarase que os equipamentos ou ferramentas empregados sexan persoais e intransferibles, ou que as partes en contacto directo co corpo da persoa dispoñan de elementos substituíbles. No caso daqueles equipamentos que deban ser manipulados por diferente persoal, procurarase a dispoñibilidade de materiais de protección ou o uso de forma recorrente de xeles desinfectantes con carácter previo e posterior ao seu uso.
- Disporase de papeleiras pechadas e con apertura non manual, para depositar panos e calquera outro material ou lixo, que se deberán limpar de forma frecuente, e, polo menos, unha vez ao día. Así mesmo, estas papeleiras deberían contar con bolsa dun só uso que se cambie alo menos unha vez ao día.

MEDIDAS PARA OS AXENTES QUE DIRECTA OU INDIRECTAMENTE PARTICIPEN NA PRÁCTICA DEPORTIVA

Xerais:

- Cumprir todas as medidas de prevención que estableza a Entidade deportiva no seu protocolo.
- Deberase manter a distancia de seguridade interpersoal ou na súa falta, utilizar máscara. Cando non se utilice, é importante gardala axeitadamente para evitar que adquira ou transmita o coronavirus.
- Sempre que sexa posible, os deportistas, durante a práctica deportiva deberán manter a distancia de seguridade interpersoal. A estes efectos, o protocolo federativo establece as medidas de tratamento de risco de contaxio adaptadas á casuística.
- Evitar lugares concorridos.
- Evitar en todo momento o saúdo con contacto físico.
- Utilizar panos dun só uso e tiralos á papeleira, despois do seu uso.
- Asegurarse de manter unha boa hixiene respiratoria. Iso significa cubrirse a boca e o nariz co cóbado flexionado ou cun pano dun só uso ao tusir ou esberrar. Neste caso, desbotar de inmediato o pano usado e lavar as mans.
- Lavar con frecuencia as mans con auga e xabón ou con xel desinfectante.

FEDERACIÓN GALEGA DE DEPORTES DE INVIERNO

Carlos Maside s/n – Local 11 / Campo Fútbol “O Couto” / 32002 OURENSE

Tel.: 988228591 / Móvil: 667328028

www.fgdi.es / secretaria@fgdi.es

<https://www.facebook.com/fgdinvierno>

<https://twitter.com/FGDInvierno>



- Na medida do posible, evitar tocar os ollos, o nariz e a boca e no caso de facelo, prestar atención ao lavado previo de mans.
- Realizar un auto test antes de ir cara a actividade deportiva, para confirmar se pode ter síntomas de COVID-19: Teño febre, tose ou falta de alento?

Desprazamentos aos adestramentos e ás competicións:

- Non compartir vehículo particular con outras persoas non convivintes, sempre que sexa posible. De non ser así, dar prioridade a formas de desprazamento que favorezan a distancia interpersonal e, en todo caso, utilizar máscara. Ademais é importante un asiduo lavado de mans ou emprego de xel desinfectante antes de entrar e despois de saír do vehículo.

Alimentos, bebidas ou similares:

- Non se deben compartir alimentos bebidas ou similares. Recoméndase marcar os envases utilizados para evitar confusións.

Competicións

- Se informará por parte do organizador, en lugar claramente visible, das medidas de protección e normas de conducta ó acceder á instalación.
- Os vestiarios e duchas permanecerán pechados.
- O uso dos baños estará regulado dacordo coas normativas oficiais da administración sanitaria.
- A presenza nas instalacións estará regulada polas normativas oficiais da administración sanitaria.
- Nas zonas de saída e meta haberá produtos de desinfección e guantes desechables a dispor dos participantes e xuíces.
- As entregas de premios se adaptarán ás normativas oficiais da administración sanitaria.
- Os xuíces e persoal da organización terán que ir provistos de mascarilla e gardarán a distancia social có resto de membros do xurado e cos deportistas.
- Os deportistas deberá cumprir coas normas de distanciamento social durante o recoñecemento da proba, durante a competición e durante a entrega de premios, tanto con respecto a outros deportistas como ós membros do xurado.

Normas Específicas Esquí Alpino

- Na saída marcaranse as zonas de seguridade e distancia social dacordo coas normas sanitarias.

FEDERACIÓN GALEGA DE DEPORTES DE INVIERNO

Carlos Maside s/n – Local 11 / Campo Fútbol “O Couto” / 32002 OURENSE

Tel.: 988228591 / Móvil: 667328028

www.fgdi.es / secretaria@fgdi.es

<https://www.facebook.com/fgdinvierno>

<https://twitter.com/FGDInvierno>



- Non se permitirá máis xente na zona de saída e meta que a estritamente necesaria para a competición.
- O material de competición (palos, portillón saída, células de meta, redes de seguridade...) que sexa tocado por algún xuíz ou deportista será desinfectado inmediatamente.
- Os dorsais de competición serán intransferibles para esa competición e se desinfectarán unha vez rematada a mesma.

Normas Específicas Mushing

- Na saída marcaranse as zonas de seguridade e distancia social dacordo coas normas sanitarias. As saídas de tódalas modalidades serán sempre individuais, coa cadencia que o organizador considere e sempre respectando a distancia social.
- Non se permitirá máis xente na zona de saída e meta que a estritamente necesaria para a competición.
- O material de competición (indicadores...) que sexa tocado por algún xuíz ou deportista será desinfectado inmediatamente.
- Si é necesario, o tamaño do stake-out adaptarase para manter a distancia social.

Adestramentos

- Se informará por parte do organizador, en lugar claramente visible, das medidas de protección e normas de conducta ó acceder á instalación.
- Os vestiarios e duchas permanecerán pechados.
- O uso dos baños estará regulado dacordo coas normativas oficiais da administración sanitaria.
- A presenza nas instalacións estará regulada polas normativas oficiais da administración sanitaria.
- O número de deportistas na zona de adestramento estará regulado segundo a normativa oficial da administración sanitaria.
- O número de técnicos do adestramento non será superior a un por cada 5 deportistas
- Os técnicos terán que ir provistos de mascarilla e calquera outra protección persoal e gardarán a distancia social cós deportistas.
- Os deportistas gardarán a distancia social có resto de deportistas e cós técnicos.

FEDERACIÓN GALEGA DE DEPORTES DE INVERNO

Carlos Maside s/n – Local 11 / Campo Fútbol “O Couto” / 32002 OURENSE

Tel.: 988228591 / Móvil: 667328028

www.fgdi.es / secretaria@fgdi.es

<https://www.facebook.com/fgdinverno>

<https://twitter.com/FGDInverno>



OUTRAS MEDIDAS

MEDIDAS ORGANIZATIVAS.

- A entidade responsable da actividade deberá garantir que os deportistas dispoñan do material de prevención, xa sexa porque o pon a disposición a entidade organizadora da actividade ou porque o traen os deportistas.
- Evitarase o uso de materiais compartidos durante a actividade. Se isto non fora posible, garantirase consonte o establecido no punto anterior a presenza de elementos de hixiene para o seu uso continuado por parte dos axentes participantes e estableceranse os mecanismos de desinfección correspondentes.
- Promoverase o pagamento con tarxeta ou outros medios que non supoñan contacto físico entre dispositivos, así como a limpeza e desinfección dos equipamentos precisos para iso.

MEDIDAS DE INFORMACIÓN

- A Entidade organizadora da actividade informará a tódolos axentes que participen directa ou indirectamente na actividade sobre os riscos e medidas sanitarias e de hixiene que deben cumprir de forma individual. Deberá existir unha comunicación continua con todos os axentes da realidade deportiva.
- Facilitaralle ao persoal da organización, deportistas e outros axentes alleos á práctica deportiva, información sobre as medidas de hixiene e seguridade mediante carteis en puntos clave dos espazos de práctica e acceso á mesma, na páxina web ou redes sociais da entidade e/ou mediante a entrega de documentos, preferiblemente por vía telemática.
- Deberase contar cunha sinalización visible sobre as medidas hixiénico-sanitarias e de prevención establecidas no desenvolvemento da actividade. Valarase o escenario das probas ou evitarase, na medida do posible, que o invadan persoas non controladas ou alleas á actividade deportiva.
- Cando o escenario, polas súas dimensións, non permita o valado da totalidade do seu perímetro, poranse carteis.

MEDIDAS DE FORMACIÓN

Deberase promover a formación, especialmente entre o persoal da organización para:

- Adaptar as actividades ás medidas e recomendacións marcadas polas autoridades sanitarias (distanciamento interpersoal, emprego de máscara, etc.). Revisión das actividades a desenvolver, suprimindo aquelas que promoven o contacto físico e primando as que poden levarse a cabo dun xeito máis individual ou con maior

FEDERACIÓN GALEGA DE DEPORTES DE INVIERNO

Carlos Maside s/n – Local 11 / Campo Fútbol “O Couto” / 32002 OURENSE

Tel.: 988228591 / Móvil: 667328028

www.fgdi.es / secretaria@fgdi.es

<https://www.facebook.com/fgdinvierno>

<https://twitter.com/FGDInvierno>



distanciamento, intentando non perder a dinámica de grupo, de ser así a especificidade da súa práctica deportiva.

- Formación sobre as medidas hixiénico-sanitarias de carácter persoal recomendables, tales como a necesidade dun correcto e asiduo lavado de mans, o emprego de xel desinfectante, a colocación correcta da máscara, etc. co obxectivo de implementar estas medidas do contexto da práctica deportiva e tamén para trasladarllas aos deportistas e ao seu entorno co obxectivo de que se consoliden estes hábitos hixiénico-sanitarios.

PROCEDIMENTO PARA A IDENTIFICACIÓN DE POTENCIAIS SITUACIÓNS DE CONTAXIO E MEDIDAS PARTICULARES DE PREVENCIÓN

Atende a tres momentos: antes, durante, e despois da práctica.

Considera aos axentes cos que pode haber contaxio: Organización, Deportistas, Xuíces e outros alleos.

Identifica a vía de contaxio: Contacto, vía Aérea, compartir material, compartir alimentos ou bebidas.

ADESTRAMENTOS

MOMENTO	AXENTE	TIPO CONTAXIO	DESCRIPCIÓN DA SITUACIÓN	MEDIDAS PROPOSTAS
Antes	Adestradores Deportistas	Contacto	Recoller a outros adestradores ou deportistas	Uso da máscara Evitar contacto Usar diferentes asentos
Antes	Adestradores Deportistas	Vía aérea	Recoller a outros adestradores ou deportistas	Uso da máscara Distancia seguridade
Durante	Adestradores Deportistas	Vía aérea	Aglomeración na zona de adestramento	Uso da máscara Distancia seguridade
Durante	Adestradores Deportistas	Compartir material	Axudas nos adestramentos	Manipulación e desinfección por unha única persoa
Despois	Adestradores Deportistas	Compartir material	Recollida do material de adestramento	Manipulación e desinfección por unha única persoa

FEDERACIÓN GALEGA DE DEPORTES DE INVERNO

Carlos Maside s/n – Local 11 / Campo Fútbol “O Couto” / 32002 OURENSE

Tel.: 988228591 / Móvil: 667328028

www.fgdi.es / secretaria@fgdi.es

<https://www.facebook.com/fgdinverno>

<https://twitter.com/FGDInverno>



COMPETICIÓN Especialidade Esquí/Snowboard

MOMENTO	AXENTE	TIPO CONTAXIO	DESCRIPCIÓN DA SITUACIÓN	MEDIDAS PROPOSTAS
Antes	Adestradores Deportistas Organización Xuíces	Contacto	Recoller a outros adestradores, deportistas, xuíces ou staff	Uso da máscara Evitar contacto Usar diferentes asentos
Antes	Adestradores Deportistas Organización Xuíces	Vía aérea	Recoller a outros adestradores, deportistas, xuíces ou staff	Uso da máscara Distancia seguridade
Antes	Público	Vía aérea	Aglomeración cerca da zona de competición	Uso da máscara Distancia seguridade Zonas para o público
Antes	Organización Xuíces	Compartir material	Montaxe da competición	Manipulación por unha única persoa Desinfección
Antes	Xuíces	Compartir material	Preparación do material de control	Desinfección Material uso persoal e intransferible
Antes	Deportistas Adestradores	Vía aérea	Aglomeración no recoñecemento da pista	Uso da máscara Distancia seguridade Aumentar o tempo de recoñecemento
Antes	Deportistas Adestradores Xuíces	Contacto	Aglomeración na zona de saída	Uso da máscara Distancia seguridade Balizaxe da zona
Antes	Deportistas	Vía aérea	Aglomeración no remonte	Uso da máscara Distancia seguridade
Durante	Deportistas Adestradores Xuíces	Vía aérea	Aglomeración na zona de saída e meta	Uso da máscara Distancia seguridade
Durante	Xuíces	Contacto	Manipulación de material de control	Desinfección
Durante	Organización	Contacto	Manipulación de material de competición	Desinfección
Durante	Deportistas	Contacto	Manipulación de material de competición	Material de competición intransferible Desinfección
Despois	Organización Deportistas	Contacto	Entrega de premios	Desinfección Uso da máscara Distancia seguridade

FEDERACIÓN GALEGA DE DEPORTES DE INVERNO

Carlos Maside s/n – Local 11 / Campo Fútbol “O Couto” / 32002 OURENSE

Tel.: 988228591 / Móvil: 667328028

www.fgdi.es / secretaria@fgdi.es

<https://www.facebook.com/fgdinverno>

<https://twitter.com/FGDInverno>



COMPETICIÓN Especialidade Mushing

MOMENTO	AXENTE	TIPO CONTACTO	DESCRIPCIÓN DA SITUACIÓN	MEDIDAS PROPOSTAS
Antes	Adestradores Deportistas Organización Xuíces	Contacto	Recoller a outros adestradores, deportistas, xuíces ou staff	Uso da máscara Evitar contacto Usar diferentes asentos
Antes	Adestradores Deportistas Organización Xuíces	Vía aérea	Recoller a outros adestradores, deportistas, xuíces ou staff	Uso da máscara Distancia seguridade
Antes	Deportistas	Vía aérea	Aglomeración no stake-out	Uso da máscara Distancia seguridade
Antes	Deportistas	Contacto	Compartir material competición	Desinfección Material intransferible
Antes	Público	Vía aérea	Aglomeración cerca do circuíto	Uso da máscara Distancia seguridade Zonas para o público
Antes	Organización Xuíces	Compartir material	Montaxe do recorrido	Manipulación por unha única persoa Desinfección
Antes	Xuíces	Compartir material	Preparación do material de control	Desinfección Material uso persoal e intransferible
Antes	Deportistas Adestradores	Vía aérea	Aglomeración no recoñecemento do circuíto	Uso da máscara Distancia seguridade Aumentar o tempo de recoñecemento
Antes	Deportistas Adestradores Xuíces	Contacto	Aglomeración na zona de saída	Uso da máscara Distancia seguridade Balizaxe da zona
Durante	Deportistas Adestradores Xuíces	Vía aérea	Aglomeración na zona de saída e meta	Uso da máscara Distancia seguridade Balizaxe da zona
Durante	Xuíces	Contacto	Manipulación de material de control	Desinfección
Durante	Organización	Contacto	Manipulación de material de competición	Desinfección
Durante	Deportistas	Contacto	Manipulación de material de competición	Material de competición intransferible Desinfección
Despois	Organización Deportistas	Contacto	Entrega de premios	Desinfección Uso da máscara Distancia seguridade

FEDERACIÓN GALEGA DE DEPORTES DE INVERNO

Carlos Maside s/n – Local 11 / Campo Fútbol “O Couto” / 32002 OURENSE

Tel.: 988228591 / Móvil: 667328028

www.fgdi.es / secretaria@fgdi.es

<https://www.facebook.com/fgdinverno>

<https://twitter.com/FGDInverno>



NORMAS PROTOCOLARIAS XENÉRICAS

Mentres non teñamos vacina ou as autoridades sanitarias non garantan o risco cero de contaxio, nas competicións da Federación Galega de Deportes de Inverno non se entregarán nin organizarán avituallamentos. Queda tamén absolutamente prohibido compartir comida ou bebida entre os asistentes ás competicións. Deberá manterse sempre unha separación entre si de coma mínimo 2 metros.

Todos somos conscientes de que cando fallamos expulsamos partículas de saliva, polo tanto é importantísimo manternos alonxados. Antes, durante e despois das competicións queda tamén absolutamente prohibido compartir materiais, transmisores, roupa, calzado ou calquera accesorio que poida conter ou transportar fluídos corporais dun deportista a outro. Asemade, ningún membro da organización está autorizado a ceder aos deportistas materiais, transmisores, calzado ou calquera sorte de accesorio. Se algún membro da organización, control ou xuíz necesítase, para exercer as súas labores de control, tocar ou coller nas mans calquera material ou accesorio dun deportista, deberá desinfectarse previamente as mans en presenza do deportista que vai ser controlado.

Puntos de encontro para deportistas: serán sempre nos escenarios de competición, e dicir, en espazos abertos e mantendo a distancia social requirida polas autoridades sanitarias.

Por suposto deberán absterse de acudir a toda competición os deportistas que presenten calquera sintomatoloxía (tose, febre, dificultade ao respirar, etc.) Que puidera estar asociada coa covid'19 ou se tiveron contacto estreito (convivintes, familiares ou persoas que houbesen estado no mesmo lugar que un caso mentres presentaba síntomas a una distancia menor de 2 metros ao longo dun tempo de alo menos 15 minutos) ou teñan compartido espazo sen gardar a distancia interpersonal cunha persoa afectada pola covid'19, mesmo na ausencia de síntomas, por un espazo de alo menos 14 días.

Evitaranse os saúdos con contacto físico. Non debe haber contacto físico algún con ningún membro da organización ou deportista, en ningún momento.

O acceso aos escenarios das competicións estará restrinxido. Por tanto toda persoa que non compita, actúe coma membro da organización, controle ou xulgue esa proba, debe ser invitada a abandonar o escenario.

COORDINADOR DO PROTOCOLO FEDERATIVO

A Federación Galega de Deportes de Inverno nomeará para cada competición un coordinador do protocolo para implementar e seguir o correcto funcionamento e

FEDERACIÓN GALEGA DE DEPORTES DE INVIERNO

Carlos Maside s/n – Local 11 / Campo Fútbol “O Couto” / 32002 OURENSE

Tel.: 988228591 / Móvil: 667328028

www.fgdi.es / secretaria@fgdi.es

<https://www.facebook.com/fgdinvierno>

<https://twitter.com/FGDInvierno>



respecto do protocolo federativo. Este será o interlocutor coa Secretaría Xeral para o Deporte, informándoa sobre as incidencias que se produzan no seu desenvolvemento. Este coordinador asumirá as funcións que se establecen de seguido:

O coordinador do protocolo federativo será o presidente da federación galega de deportes de inverno D. Miguel Barreto Lorenzo, ou a persoa ou persoas nas que el delegue. A súa función principal é garantir o correcto cumprimento do protocolo por tódolos asistentes (organización, deportistas, xuíces, etc.) Por mor do respecto á seguridade sanitaria de tódolos participantes, nas competicións oficiais da federación galega de deportes de inverno, a persoa ou persoas que exerzan as funcións de coordinadores do protocolo federativo poderán expulsar da competición a aqueles asistentes que, despois de seren avisados, incumpran reiteradamente o presente protocolo. As decisións tomadas polos coordinadores de protocolo serán inapelables e de obrigado e inmediato cumprimento.

COMUNICACIÓN E SEGUIMENTO DA SINTOMATOLOXÍA COVID'19

No caso de que un membro da organización, deportista, xuíz. etc., teña sintomatoloxía do virus COVID-19, deberá informar de xeito inmediato ao servizo galego de saúde para iniciar o protocolo previsto pola Consellería de Sanidade -[aquí](#)-

Neste senso, considérase sintomatoloxía do virus COVID-19 un cadro clínico de infección respiratoria aguda (IRA) de aparición súbita e de calquera gravidade, incluíndo febre, tose ou falta de alento, entre outros.

No caso de detección dun sospeitoso por COVID-19 no entorno da práctica deportiva, deberanse seguir as pautas determinadas polas autoridades sanitarias. A persoa afectada retirarase do grupo e conducirse a outro espazo, facilitándolle unha máscara cirúrxica. Este espazo deberá ser elixido previamente, e debería contar con ventilación adecuada, e unha papeleira de pedal con bolsa, onde tirar a máscara e panos que se poidan desbotar. Contactarase co centro de saúde correspondente á persoa ou co teléfono de referencia (900400116), e seguirán as súas instrucións. Se se percibira gravidade chamarase ao 061. Haberá que realizar unha boa ventilación, limpeza e desinfección deste espazo e do resto das estancias onde estivera a persoa, acorde á situación do risco. Será preciso tamén illar o contedor/papeleira onde se depositaran os panos ou outros produtos usados. Esa bolsa de lixo deberá ser extraída e colocada nunha segunda bolsa de lixo, con peche, para o seu depósito no lugar onde se determine. En todo caso, seguiranse en todo momento as recomendacións das autoridades sanitarias.

FEDERACIÓN GALEGA DE DEPORTES DE INVERNO

Carlos Maside s/n – Local 11 / Campo Fútbol “O Couto” / 32002 OURENSE

Tel.: 988228591 / Móvil: 667328028


www.fgdi.es / secretaria@fgdi.es

<https://www.facebook.com/fgdinvierno>

<https://twitter.com/FGDInvierno>



Ourense, 1 de setembro de 2020


Asdo: Miguel Barreto Lorenzo
PRESIDENTE


Asdo: Angel López-Montesinos
SECRETARIO



**MODELO DECLARACIÓN RESPONSABLE PARTICIPANTE NA ACTIVIDADE
(DEPORTISTA e STAFF dun deportista ou entidade participante)***

D/D^a con nº de DNI/NIE

actuando en nome propio como pai/nai/titor do interesado/a (menor de idade)
D/D^a con nº de DNI/NIE

Para a actividade Organizada pola Entidade, desenvolvida en
..... entre (día.....) de (mes.....) de 2020 e o (día.....) de (mes.....) de 2020.

SOLICITO que a persoa cuxos datos figuran no encabezamento (o interesado) participe nas actividades da organización exposta, para o cal, lin con detalle a información proporcionada pola propia organización e acepto as condicións de participación e expreso o meu compromiso coas medidas persoais de hixiene e prevención do protocolo da entidade e así mesmo,

DECLARO:

- Que o interesado cumpre os requisitos de admisión establecidos no documento de aceptación de condicións de participación, obriga de información e consentimento informado, non sendo grupo de risco.
- Que o interesado non convive con ninguén que sexa grupo de risco, ou que no caso de que así sexa, participa na actividade baixo a súa propia responsabilidade.
- Que lin e acepto os compromisos contidos no protocolo para previr o COVID-10 da entidade organizadora da actividade, publicados en (web, tablón de anuncios, etc...)
-

En, a..... de...de.....

A/A da Entidade.....



DECLARACIÓN RESPONSABLE A ENGADIR CO MODELO DE SOLICITUDE (DEPORTISTAS E RESPONSABLES DE ENTIDADES)

D/D^a con n° de DNI/NIE
..... en representación da entidade con CIF.....

Para a actividade Organizada pola Entidade, desenvolvida en
..... entre (día.....) de (mes.....) de 2020 e o (día.....) de (mes.....) de 20.....

SOLICITO que a Entidade que represento poida participar na actividade sinalada, para o cal, lín con detalle a información proporcionada pola propia organización e acepto as condicións de participación e expreso o noso compromiso coas medidas persoais de hixiene e prevención do protocolo da entidade e así mesmo,

DECLARA que:

- Coñece o protocolo de volta á actividade deportiva da entidade e o seu compromiso de forma exhaustiva.
- Accederá ás instalacións coas medidas de protección recomendadas e que as utilizará sempre que a práctica deportiva o permita, cumprindo coas normas de utilización das instalacións tal e como marca o protocolo para cada un dos espazos.
- A pesar da existencia dun protocolo de volta a actividade, é consciente dos riscos que entraña a práctica deportiva en espazos pechados na situación pandémica actual.

As persoas deportistas da entidade que representa, declaran á súa vez que NOS ÚLTIMOS 15 DÍAS NON TIVERON:

- Padecido algún síntoma Covid:
 - Febre.
 - Cansazo.
 - Tos seca.
 - Dificultades para respirar.
- Estado en contacto con persoa algunha que teña dado positivo en Covid-19.
- Avisará de forma inmediata aos responsables da Entidade se algunha das circunstancias anteriores sucedesen ou dese positivo en Covid-19, para que se tomen as medidas oportunas.

A sinatura acredita estar conforme, e a aceptación das normas do protocolo establecido pola Entidade

En, de de 202.....

Asinado:

A persoa responsable da entidade

FEDERACIÓN GALEGA DE DEPORTES DE INVERNO

Carlos Maside s/n – Local 11 / Campo Fútbol “O Couto” / 32002 OURENSE

Tel.: 988228591 / Móvil: 667328028

www.fgdi.es / secretaria@fgdi.es

<https://www.facebook.com/fgdinverno>

<https://twitter.com/FGDInverno>



OUTROS

.....

DECLARA:

- Que coñece o protocolo de volta á actividade deportiva da Entidade..... e o seu compromiso ao seu cumprimento de forma exhaustiva.
- Que accederé ás instalacións coas medidas de protección física e que as utilizarei sempre que a práctica deportiva o permita, e que cumprirei as normas de utilización das instalacións que marca o protocolo do Centro para cada un dos espazos.
- Que, a pesar da existencia dun protocolo de volta á actividade, é consciente dos riscos que entraña a práctica deportiva nunha situación pandémica como a actual.
- Que non padecín síntomas do Covid-19 nos últimos 15 días:
- Cadro clínico de infección respiratoria aguda (IRA) de aparición súbita e de calquera gravidade, incluíndo febre, tose ou falta de alento, entre outros.
- Ante a presenza doutros síntomas atípicos como a odinofaxia, anosmia, ageusia, dores musculares, entre outros, é importante buscar outros indicios adicionais que apoién a sospeita da infección. Será o xuízo clínico do profesional o que determine a realización de probas complementarias.
- Que non estiven en contacto con ningunha persoa que dera positivo en Covid-19 nos últimos 14 días.
- Que avisarei, de forma inmediata, aos Servizo Galego de Saúde se algunha das circunstancias anteriores sucedesen ou dese positivo en covid-19, para que se poidan tomar as medidas oportunas.

A sinatura acredita estar conforme, e a aceptación das normas e medidas establecidas no protocolo

En, de de 20.....

(sinatura)

FEDERACIÓN GALEGA DE DEPORTES DE INVERNO

Carlos Maside s/n – Local 11 / Campo Fútbol “O Couto” / 32002 OURENSE

Tel.: 988228591 / Móvil: 667328028

www.fgdi.es / secretaria@fgdi.es

<https://www.facebook.com/fgdinverno>

<https://twitter.com/FGDInverno>



D./D.^a, con DNI/NIE nº, como pai/nai/titor-a do/a interesado/a (menor de idade), con DNI/NIE nº
Declaro baixo a miña responsabilidade que solicito que o neno ou nena cuxos datos figuran no encabezamento (o interesado/a) participe en....., para o cal lin con detalle a información proporcionada pola propia organización e acepto as condicións de participación, expreso o meu compromiso coas medidas de hixiene e prevención obrigatorias e asumo toda a responsabilidade fronte á posibilidade de contaxio por Covid-19.
(Marque cun X no que proceda.)

Declaración responsable de non formar parte de grupos de risco nin convivir con grupo de risco.	
<input type="checkbox"/>	Declaro que o/a interesado/a cumpre os requisitos de admisión establecidos no protocolo, non sendo grupo de risco.
<input type="checkbox"/>	Declaro que o/a interesado/a non convive con ninguén que sexa grupo de risco, ou que, no caso de que sexa así, participa na actividade baixo a súa propia responsabilidade.
<input type="checkbox"/>	Comprométome a notificar diariamente o estado de saúde á entidade organizadora da actividade.....
Aceptación das medidas persoais de hixiene e prevención obrigatorias fronte á Covid-19	
<input type="checkbox"/>	Lin e acepto os compromisos requiridos no apartado do protocolo
Declaración de ter lido e aceptada a información proporcionada pola organización sobre a adaptación da actividade á Covid-19	
<input type="checkbox"/>	Declaro que recibín e lin o protocolo de adecuación da actividade á Covid-19 da entidade responsable da actividade e que por tanto teño coñecemento pleno e estou de acordo coas medidas e procedementos que propón.
<input type="checkbox"/>	Declaro que recibín e lin o Protocolo de prevención e de actuación en caso de risco de contaxio ou contaxio positivo da entidade responsable da actividade.
Consentimento informado sobre Covid-19.	
<input type="checkbox"/>	Declaro que, tras ter recibido e lido atentamente a información contida nos documentos anteriores das bases de participación, son consciente dos riscos que implica a participación da persoa interesada na actividade no contexto da crise sanitaria provocada pola Covid-19, que asumo baixo a miña propia responsabilidade.

En, a de de 2020.

Asdo:



**ACEPTACIÓN DE CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN, OBRIGA DE INFORMACIÓN E
CONSENTIMENTO INFORMADO, PARA PARTICIPAR NA ACTIVIDADE (NOME DA
ACTIVIDADE OU PROGRAMA) ORGANIZADA POR (NOME DA ENTIDADE
ORGANIZADORA)**

D/D^a con DNI/NIE

actuando en nome propio (persoa participante maior de idade)

como proxenitor/titor-a da persoa participante (menor de idade):

D/D^a con DNI/NIE

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CONDICIÓN DE SAÚDE

- Declaro que a persoa participante non está diagnosticada de Covid-19, non presenta sintomatoloxía asociada a este virus (tose, febre, dificultade ao respirar, etc.) nin a presentou nos 14 días previos á data de entrada nesta actividade e non padece ningunha outra enfermidade contaxiosa.
- Declaro que a persoa participante non convive con ninguén afectado polo Covid-19 nin estivo en contacto estreito nin compartiu espazo sen gardar a distancia interpersonal cunha persoa afectada polo Covid-19, nos 14 días previos á entrada nesta actividade.
- Comprométome a notificar inmediatamente á organización calquera problema de saúde vinculado ao COVID-19 durante o transcurso da actividade.

DECLARACIÓN DE COÑECEMENTO DOS RISCOS PARA PERSOAS VULNERABLES

(marcar no caso de ser ou convivir con PERSOA VULNERABLE: persoa maior de 60 anos/ persoa diagnosticada de hipertensión arterial, diabetes, enfermidades cardiovasculares, enfermidades pulmonares crónicas, cancro, inmunodeficiencias/muller embarazada/ persoa con afeccións médicas anteriores).

- Sendo, a persoa participante, persoa vulnerable e/ou convivinte cunha persoa vulnerable, declaro que son consciente do risco que corre tanto a persoa vulnerable participante como as persoas vulnerables coas que convive.

**ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓN PERSOAIS DE HIXIENE E PREVENCIÓN FRONTE AO
COVID-19**

- Lin e acepto as condicións de hixiene e prevención nas que se vai desenvolver a actividade.

**DECLARACIÓN DE QUE LEU E ACEPTA A INFORMACIÓN PROPORCIONADA POLA
ORGANIZACIÓN SOBRE A ADAPTACIÓN DA ACTIVIDADE AO COVID-19**

- Declaro que recibín e lin a información de adecuación da actividade ao COVID-19 da entidade responsable da actividade e que polo tanto teño coñecemento pleno e estou de acordo coas medidas e procedementos que propón.
- Declaro que recibín e lin o Protocolo de actuación en casos de emerxencia ou risco de contaxio da entidade responsable da actividade.

FEDERACIÓN GALEGA DE DEPORTES DE INVERNO



CONSENTIMIENTO INFORMADO SOBRE COVID-19

Declaro que, logo de recibir e ler atentamente a información contida nos documentos anteriores, son consciente dos riscos que implica, para a persoa participante e para as persoas que conviven con el, a participación na actividade no contexto da crise sanitaria provocada polo COVID-19, que asumo baixo a miña propia responsabilidade.

En, a..... de...de.....

FEDERACIÓN GALEGA DE DEPORTES DE INVERNO

Carlos Maside s/n – Local 11 / Campo Fútbol “O Couto” / 32002 OURENSE

Tel.: 988228591 / Móvil: 667328028

www.fgdi.es / secretaria@fgdi.es

<https://www.facebook.com/fgdinvierno>

<https://twitter.com/FGDInvierno>